

**CONCELLO PLENO**

**ACTA DE SESIÓN**

**ORGANO:** CONCELLO PLENO

**ACTA NUMERO:** 2019/09

**CARÁCTER:** CONSTITUTIVA CORPORACION

**CONVOCATORIA:** Primeira.

**DATA:** 15 de xuño de 2019.

No Salón de Sesi3ns da Casa do Concello de Ribadeo sendo as **13,30 horas do d3a 15 de xu3o de 2019** re3nese o Pleno do Concello en sesi3n convocada ao efecto con car3cter **EXTRAORDINARIO PARA CONSTITUCION DA NOVA CORPORACI3N MUNICIPAL** resultante das elecci3ns locais que tiveron lugar o pasado d3a 26 de maio de 2019 e coa asistencia das persoas que 3 continuaci3n se indican:

**Concelleiros electos presentes**

**Por Bloque Nacionalista Galego**

D.Fernando Su3rez Barcia

Dona Maria Luz Alvarez Lastra

D. Pablo Vizoso Galdo

D<sup>a</sup> M3nica Freire Ranca3o

D.Jesus Mundi3a Acebo

D<sup>a</sup> Mar3a del Pilar Oter Cabarcos

D.Jorge D3az Freije

**Por Partido Popular**

D.Daniel Vega P3rez

D<sup>a</sup> Elisa Concepci3n Rodr3guez Sanjurjo

D<sup>a</sup> Bego3a Sanjurjo Santar

D<sup>a</sup> Mar3a Elena Sierra Pulpeiro

**Por Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE**

D<sup>a</sup> Marta Garc3a Rey

D.Francisco Javier Torviso Berdeal

**Secretario Xeral:**

D. José A. Carro Asorey

**Interventor:**

D. Luis R. Vázquez Parga

**Técnico de Admón. Xeral.**

D. José Rodil Veiga

Declárase aberto o acto pola Presidencia para levar a cabo a sesión constitutiva:

**1. CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN MUNICIPAL.**

O Sr. Secretario indica que o obxecto da presente sesión é proceder a constitución do novo Concello de Ribadeo, a vista dos resultados que se produciron o pasado 26 de maio do 2019.

O procedemento da constitución do Concello, de conformidade co disposto pola lexislación electoral vixente, implica a realización das seguintes operacións:

- 1) Constitución da Mesa de Idade formada polos Concelleiros electos de maior e menor idade.
- 2) Acreditación dos Concelleiros electos ante a Mesa de Idade, mediante a presentación da credencial expedida pola Xunta Electoral de Zona e o D.N.I.
- 3) Xuramento ou promesa do cargo de Conselleiro.
- 4) Elección de Alcalde/sa.
- 5) Xuramento do cargo de Alcalde/sa.

Manifesta igualmente que en cumprimento do disposto no artigo 195.2 da Lei Orgánica 5/1.985, do 19 de Xuño, do Réxime Electoral Xeral, e no artigo 37.2 do regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, vaise proceder a formación da MESA DE IDADE, que estará presidida polo Concelleiro electo de maior idade, e como Vocal o Concelleiro electo de menor idade, sendo o Secretario da mesma o da Corporación.

O Secretario indica que queda constituída a MESA DE IDADE, composta por:

Presidente: D. Jesús Mundiña Acebo.

Vocal: D<sup>a</sup> Marta García Rey

Secretario: O do Concello, Sr. Carro Asorey

De seguido dase lectura ás disposicións aplicables para a constitución do novo Concello:

**ARTIGO 195 DA LEI ORGÁNICA NUMERO 5/1.985, DO 19 DE XUÑO, DO RÉXIME ELECTORAL XERAL, QUE DISPÓN O SEGUINTE:** "1.- As Corporacións Municipais constitúense na sesión pública o vixésimo día posterior a celebración das Eleccións, salvo que se houberse presentado recurso contencioso electoral contra a proclamación dos Concelleiros electos, en caso suposto o cuadraxésimo día posterior as Eleccións.

2-. A tal fin, constitúese unha Mesa de Idade integrada polos elixidos de maior e menor idade, presentes no acto, actuando como Secretario o que o sexa da Corporación.

3-. A Mesa comproba as credenciais presentadas, ou acreditacións da personalidade dos electos con base as certificacións que o Concello houbera remitido a Xunta Electoral de Zona

4-. Realizada a operación anterior, a Mesa declarará constituída a Corporación si concorren a maioría absoluta dos Concelleiros electos. No caso contrario, celebrarase sesión dous días despois quedando constituída a Corporación calquera que fose o número de Concelleiros presentes."

Os Señores Concelleiros electos asistentes a esta sesión son os seguintes:

**Por Bloque Nacionalista Galego**

D.Fernando Suárez Barcia

Dona María Luz Alvarez Lastra

D. Pablo Vizoso Galdo

D<sup>a</sup> Mónica Freire Rancaño

D.Jesus Mundiña Acebo

D<sup>a</sup> María del Pilar Oter Cabarcos

D.Jorge Díaz Freije

**Por Partido Popular**

D.Daniel Vega Pérez

D<sup>a</sup> Elisa Concepción Rodríguez Sanjurjo

D<sup>a</sup> Begoña Sanjurjo Santar

D<sup>a</sup> María Elena Sierra Pulpeiro

**Por Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE**

D<sup>a</sup> Marta García Rey

D.Francisco Javier Torviso Berdeal.

Polos membros da Mesa de Idade procederáse a comprobación das Credenciais enviadas pola Xunta Electoral de Zona.

Todos os concelleiros electos cumpriron coa obriga de presentación das Credenciais expedidas pola Xunta Electoral de Zona ante a secretaría da Corporación.

O presidente da mesa manifesta que se invita os concelleiros electos a que expoñan neste acto si lles afecta algunha causa de incompatibilidade sobrevida con posterioridade a súa proclamación, a tenor do establecido polos artigos 6º, 7º, 177 y 178 da lei orgánica numero 5/1.985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

O Secretario municipal indica que en cumprimento do disposto o número 7 do artigo 75 da Lei 7/1.985, do 2 de Abril, reguladora das Bases de Réxime Local do 22 de Marzo, **todos** os Señores Concelleiros Electos presentaron declaración sobre as causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, así como declaración dos seus bens patrimoniais.

De conformidade co disposto no número 8 do artigo 108 da lei orgánica 5/1.985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, modificado pola lei orgánica 8/1.991, do 13 de marzo, para a toma de posesión e adquisición da plena condición do cargo de concelleiro, os candidatos deben xurar ou prometer acatamento a constitución.

A continuación procedese ao chamamento dos Sres. Concelleiros Electos para que presten xuramento ou promesa a cuxo efecto dispoñen do modelo impreso na sua mesa coa fórmula do xuramento ou promesa.

**"¿Xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro con lealdade o Rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?, e son os seguintes:**

#### **Por Bloque Nacionalista Galego**

D.Fernando Suárez Barcia, por imperativo legal promete.

Dona María Luz Alvarez Lastra, por imperativo legal promete.

D. Pablo Vizoso Galdo, por imperativo legal promete.

D<sup>a</sup> Mónica Freire Rancaño, por imperativo legal promete.

D<sup>a</sup> María del Pilar Oter Cabarcos, por imperativo legal promete.

D.Jorge Díaz Freije, por imperativo legal promete.

#### **Por Partido Popular**

D.Daniel Vega Pérez, promete.

D<sup>a</sup> Elisa Concepción Rodríguez Sanjurjo, xura.

D<sup>a</sup> Begoña Sanjurjo Santar, xura.

D<sup>a</sup> María Elena Sierra Pulpeiro, xura.

#### **Por Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE**

D.Francisco Javier Torviso Berdeal, xura.

#### **MESA DE IDADE.**

Vogal: D<sup>a</sup> Marta García Rey, promete.

Presidente: D.Jesus Mundiña Acebo, promete.

O presidente da mesa di que téndose dado cumprimento ao disposto no artigo 195 da lei electoral e Real decreto 709/79, esta mesa declara constituído o concello de Ribadeo xurdido despois das eleccións locais celebradas no día 26 de maio do 2019 para o mandato 2019/2023.

## **2.- ELECCIÓN DE ALCALDE.-**

Polo señor secretario dase lectura ao artigo 196 da lei orgánica 5/1.985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, polo que se establece o procedemento para a elección do alcalde.

O artigo 196 da Lei Orgánica número 5/1.985, do 19 de Xuño, do réxime Electoral Xeral, establece o seguinte: "Na mesma sesión da constitución da Corporación procedese a elección

do Alcalde, de acordo co seguinte procedemento:

a) Poden ser candidatos todos os concelleiros que encabecen as súas correspondentes listas.

b) Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos Concelleiros é proclamado electo.

c) Si ningún deles obtén a devandita maioría é proclamado Alcalde o Concelleiro que encabece a lista que obtivera maior número de votos populares no correspondente Municipio. En caso de empate se resolverá por sorteo.

Poden ser candidatos ao cargo de Alcalde os Concelleiros que encabezan as súas correspondentes listas, e neste Municipio son os seguintes:

CANDIDATOS	LISTA ELECTORAL
FERNANDO SUAREZ BARCIA	BNG
DANIEL VEGA PEREZ	PP
MARTA GARCIA REY	PSOE

O Secretario sinala que se vai proceder a elección do Alcalde, mediante votación ordinaria de conformidade co previsto no artigo 102 do Regulamento de organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, salvo que algún Concelleiro solicite que sexa por votación secreta.

O resultado da votación é o seguinte:

CANDIDATO/A A ALCALDÍA	RESULTADOS
FERNANDO SUAREZ BARCIA	7 votos
DANIEL VEGA PEREZ	4 votos
MARTA GARCIA REY	2 votos

O Sr. Presidente da Mesa de idade manifesta que ao obterse a maioría absoluta dos votos emitidos polos membros desta Corporación municipal, de conformidade co disposto no artigo 196. b) da Lei orgánica número 5/1.985, de 19 de xuño, do Réxime electoral xeral, **queda elixido e por tanto proclamase Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Ribadeo a D.Fernando Suárez Barcia.**

O Sr. Presidente da mesa de idade sinala que de acordo co disposto nos artigos 18 do real decreto legislativo 781/1.996, do 18 de abril, e 40.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, requirese a D.Fernando Suárez Barcia proclamado alcalde/a electo deste Excmo. Concello, para que concurra a prestar xuramento ou promesa.

O Sr. D. Fernando Suárez Barcia promete por imperativo legal e coa man no “Sempre en Galiza” pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro con lealdade o Rei, ao pobo galego e ao pobo de Ribadeo, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado.

Seguidamente polo Presidente da mesa de idade fáiselle entrega do bastón de mando.

A continuación o Sr.Alcalde pronuncia as seguintes palabras:

### Veciñas e veciños:

Outra volta elixístesme para alcalde de Ribadeo, e van catro. Unha inmensa responsabilidade á que non podo responder con simple continuidade. Queredes seguir connosco como responsables políticos desta Porta Norte de Galiza e iso é un grande agasallo. Unha chea de confianza. Son consciente desa confianza, pero tamén desa responsabilidade e pregúntome por que. (E penso que esta é unha pregunta obrigada).

A democracia expresa a vontade colectiva da xente nas eleccións. O que queredes. A vontade popular. Esa é a vontade xeral á que debemos responder nos vindeiros catro anos como intentamos atender até agora. Sen favoritismos nin arbitrariedades pero tamén sen “repunancias”. Para iso vos pido a colaboración a todos e todas vós. Para que sigamos a facer un Ribadeo mellor.

Pregúntome por que nos votastes, por que me votastes tamén a min como cabeza de lista da nosa candidatura e véxome na obriga de buscar algunhas respostas:

- quizais pola nosa xestión política, pola honestidade, porque gobernamos para todos e todas, quen nos votastes e quen non. Sen favoritismos.
- quizais tamén pola nosa entrega, porque sabedes que estamos e estaremos volcados en Ribadeo.
- seguramente porque falamos con todas as persoas e atendemos a todas as persoas e valémoslles no que podemos e iso seguiremos facendo.
- porque o mellor para a maioría é o mellor para Ribadeo.
- e seguramente tamén porque non nos calamos diante de nada nin de ninguén se vemos que se cometen tropelías con Ribadeo e que a nosa xente se poida ver privada de lexítimas obras ou servizos soamente porque aquí decida votar un goberno que, quizais ás veces, non concorda co que haxa no País ou no Estado..

e indo do máis pragmático e cotiá ao máis político:

- Porque somos e seguiremos sendo –porque vos o queredes así- un facho do galeguismo en Galicia. O faro da Porta Norte.
- Porque nos identificamos con todo o Mundo, sabendo que este país é tan grande que chega a todas as partes e non ten fronteiras.
- Porque asumimos o legado dos homes e mulleres que hai máis de 100 anos quixeron construír unha Galicia moderna no Mundo e nos seguímolo facendo día a día en Ribadeo... e iso ben que o prezades... e ben que vos gusta a vos e a nós.
- Porque o orgullo de ser non rifa co de facer.
- Porque aquí, en Ribadeo, todos temos os pés na terra e a cabeza no mundo. E iso queremos tamén para a Galicia do futuro.

**Hoxe toca agradecer aos que axudaron a deixar o listón tan alto como está.** A aqueles que estiveron neste pasado goberno, e nos anteriores. Xente que deu o mellor de si durante uns anos da súa vida, seguramente da parte vital máis significativa, polo esforzo que lles puido supoñer conciliar a súa vida, as súas profesións (os que non estiveron liberados) para entregarse á xestión da res pública unha chea de tempo: Falo de Ana, de Farruco, de David, de Sonia ou de Vanesa, ou de Paz. E tamén falo daqueloutras persoas, coma Vicente, que estando liberado neste caso, fixo do Concello a súa casa polas mañás, polas tardes e por moitas, moitas noites.

**Pero hoxe toca tamén propoñer futuro... de entrada para os vindeiros catro anos. Toca pensar en Ribadeo, na bisbarra, na provincia e tamén en Galiza enteira**

Somos modélicos en moitas cousas e mesmo somos quen de exportalas: aguantamos a especulación nos peores anos da burbulla e hoxe podemos presumir de vila e de paisaxes, e somos unha referencia.

Espantamos as malas artes da política e tamén a dereitización extremista que tanto asusta ultimamente. Ese extremismo que quere reducir as nosas conquistas democráticas e sociais en todo o Estado, mesmo en toda Europa, pero non aquí.

Non somos unha aldea gala de Asterix, xa superamos iso... somos unha Vila e un Concello forte como sempre fomos, estendida en parroquias e lugares que nos identifican e nos dan afouteza.

Agora debemos pensar en que facer no futuro:

**-1) Somos dende sempre capital comercial, de ocio e agora tamén turística.** Logramos manter esa posición con moita competencia; axúdanos estar onde estamos: no centro dunha ampla bisbarra que vai de Viveiro a Luarca e baixa até A Fonsagrada, pero axudou máis aínda o que fixemos e seguiremos facendo: cooperando e traballando con quen sexa necesario a prol de Ribadeo. Esa capital comercial, de ocio e turística é unha fonte de riqueza ben aproveitada e foi mellorada por nós con intelixencia, fose mellorando e coidando a ribeira da Ría de Ribadeo, as Augasantas e Carricelas (As Catedrais) ou creando a exitosa, participativa e modélica festa do Ribadeo Indiano.

Esa capitalidade é unha fonte de riqueza que debemos COIDAR, evitar destruír e exemplos temos dabondo ben pertiño de aquí ou moi lonxe (Venezia contaminada, afundida e “atacada” polos cruceiros ou o Everest –atascos e lixo-...) do que non debemos facer.

Ocuparémonos de planificar os coidados da nosa galiña dos ovos de ouro para que os siga poñendo... e para que siga sendo un luxo popular ser e vivir en Ribadeo.

**Seguiremos impulsando un crecemento sostible, produtivo e non especulativo.**

Aprobado e vixente o moderno Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobaremos deseguido tanto o Plan Especial do Casco Vello como o de Ordenación do entorno das Catedrais porque en Ribadeo quixemos apostar por un modelo urbanístico que promova un crecemento sostible e sobre todo que aporte seguridade xurídica. Porque queremos que Ribadeo medre, pero que o faga con sentidíño. Igual que coas políticas de rehabilitación: Varios anos de política activa para lograr a rehabilitación de inmobles, calquera pode pasear hoxe polo noso casco vello e ver o cambiado que está, e o traballo que xerou para pequenas e medianas empresas especializadas na rehabilitación. Pero fai falta máis. Queda aínda moito por facer e impulsar desde o Concello. E farémolo!.

**-2) Seguiremos traballando duramente polas partes máis febles dunha sociedade. Os vellos e os novos.**

Onte mesmo demos un paso de xigante ao inaugurar o funcionamento do novo Centro de Atención de Persoas Maiores de Ribadeo. Unha marabilla que naceu co reclamo do pobo ao que se lle achegou a atención da mellor política e da mellor técnica. A política que fixemos desde diferentes trincheiras, pero buscando o fin común de chegar a ver isto funcionando para honra dos nosos paisanos e paisanas. Lográmoslo. Agora tocará modernizar e actualizar o Hospital-Asilo. Ben xestionado como está, pero con carencias estruturais no edificio municipal polo que a día de hoxe, dista moito de ser un lugar cómodo para a xente maior. Deberemos tamén seguir achegando servizos sociais de proximidade aos fogares da xente maior que,



seguramente, é onde prefiren estar.

E pola outra banda, polos novos, debemos e queremos empezar a sacarlle os seus froitos ao Planeamento Urbanístico aprobado hai ben pouco para poder empezar a dispoñer solo público para facer un novo espazo verde útil para todo o mundo, especialmente para a mocidade, e xunto a isto, un novo campo de herba sintética multifuncional.

Queremos comprometer nos igualmente coa xente nova e coa práctica do deporte, porque xa fomos quen de facer de Ribadeo un punto de encontro deportivo, do fútbol ao surf e da vela ao atletismo, pasando por tantísimos outros. Pero queremos que Ribadeo siga a ser o Concello con maior oferta de escolas deportivas municipais de toda a Mariña. Seguiremos por tanto apoiando o deporte base para todos e para todas.

**-3) Ribadeo como lugar de redistribución dos recursos entre a vila e o campo.** A atención por igual tanto á vila como ás distintas parroquias é un dos nosos sinais de identidade. Ben sexa polos plans de mellora de accesos a núcleos rurais, (falado e consensuado nas súas prioridades coas asociacións de veciños), como na organización de actividades (culturais, formativas ou doutra índole dentro das competencias dun Concello), levarannos a seguir impulsando políticas de reequilibrio entre a Vila e o Campo, como se merecen.

**-4) Economía e ecoloxía/medioambiente** van xuntas no futuro e o futuro empeza agora xa en Ribadeo:

Non hai futuro sen unha economía produtiva e non hai economía de futuro sen respecto ao medio ambiente. Non é unha opción nin unha elección. É unha necesidade para a que nos temos que preparar XA.

Se queremos que os nosos fillos e fillas teñan futuro nesta parte de Europa xa podemos ir pensando en como lograr unha economía produtiva moderna e sustentable.

Fomos pioneiros en evitar incendios ao pé das casas e aplicar as normas para evitalos; normas que non cumpre nin quen as ditou.

Tamén seremos pioneiros e modélicos en **conservar o territorio** como un espazo produtivo e manexado.. como sabe facer a nosa xente dende sempre:

prados para leite

terras para horta, froitas e flores..

montes para madeira...

Todas as novas actividades industriais non contaminantes e de futuro vinculadas a novas tecnoloxías, terán un camiño de instalación en Ribadeo e o seu polígono. Dialogaremos e convenceremos ao Ministerio de Fomento da necesidade de un plan para abaratar as parcelas del.

**-5) Queremos facer de Ribadeo a Capital galega da produción orgánica e da alimentación** **sá.** Hoxe esa capital -no Mundo- ven sendo Nova lorke que é para onde ollamos, sempre “mar por medio” e ao Oeste (*agora que xa non imos lindar con Inglaterra por mor do Brexit*); pero nós mellor aínda que Nova lorke porque alén de vender e mercar para comer san, tamén podemos producir. Somos superiores. Sabemos producir para consumir.. facer os alimentos que comemos... nas hortas de Vilaselán, Piñeira e nas de Vilela, en Ove e mais en Cedofeita, etc....Traballaremos para convencer á Xunta de Galicia de reactivar dunha vez as potencialidades que ofrece o complexo formativo da Escola Pedro Murias.

Temos que apoiar os proxectos de economía de base, desde o agro á industria, desde a horta ao leite, desde a artesanía á informática. O máis noso, o froito da nosa terra, combinado coas maneiras de traballar que permiten a conservación do entorno, en vez de destruílo.



**-6) E claro que si, e todo isto con unha clara perspectiva de xénero**, loitando sempre en favor da igualdade, con maiúsculas, entre as persoas. Volcados na revolución das mulleres, seguiremos sendo unha referencia no apoio ás súas iniciativas laborais, educativas e culturais, para que os pasos adiante dados na igualdade entre sexos non teñan volta atrás.

Traballaremos con este goberno que formaremos con Luz, Pablo, Suso, Mónica, Pilar e Jorge. Aínda que tamén nos gustaría traballar en acadar obxectivos comúns co resto da Corporación: con Daniel, Elisa, Begoña, Elena por unha banda e con Marta e con Francisco pola outra.

En definitiva, traballaremos por vós para que vos sintades orgullosos de nós, para ser dignos da vosa confianza. Traballaremos tendo presentes os versos de hai un século de Ramón Cabanillas do seu poema EN PÉ!:

*...o corazón aberto  
a toda verba amiga,  
e n-unha man a fouce  
e noutra man a oliva,...*

Traballaremos meus veciños e miñas veciñas, para dar conta da afouteza de Ribadeo e da súa singularidade en Galiza, e desde Galiza para o mundo.

Tede por seguro que así o habemos facer.

Saúde, Terra e que viva Ribadeo.”

Faise constar que obra no expediente da sesión conforme ao disposto no artigo 36.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a documentación pertinente correspondente ao arqueo contable e a documentación existente relativa ao Inventario de bens municipais.

Sendo as catorce horas e non habendo máis asuntos que tratar o Sr.Alcalde levanta a sesión estendéndose de todo isto a presente acta do que eu Secretario dou fé.

**O ALCALDE,**  
Asdo./ **FERNANDO SUÁREZ BARCIA.**

**O SECRETARIO,**  
Asdo./**JOSÉ A. CARRO ASOREY**

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE,**